



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O LEVANTAMENTO DA PEAXE DA AP-9 ENTRE VIGO E O PORRIÑO E O PROXECTO ALTERNATIVO Á A-52**

O portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, conforme ao disposto no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa aplicable, formula para o seu debate e eventual aprobación na vindeira sesión a seguinte

### **MOCIÓN**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 18 de decembro de 2024 o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible anunciaba no Boletín Oficial do Estado (BOE) que somete a información pública o documento técnico e estudo de impacto ambiental do proxecto do novo trazado da autovía A-52 (Rías Baixas) para conectar O Porriño coa cidade de Vigo.

Aínda que non haxa dúbida sobre a necesidade de darlle solución á perigosa A-55, e esta alternativa pase pola execución dun túnel, o que é tamén igualmente preciso é que o trazado sexa analizado con todos os concellos afectados, minimizando no posible o impacto que vai ter sobre o territorio e sobre os seus habitantes.

A alternativa que o Goberno de España entende como a máis recomendable causa un altísimo impacto na parroquia viguesa de Bembrive, tanto no que ten que ver coas expropiacións coma nos cortes de viais municipais estruturantes, así como múltiples afeccións a viadutos e augas. Circunstancia que provocou a presentación de miles de alegacións por parte dos veciños afectados contra este trazado imposto polo ministerio como alternativa á A-55 para a súa conexión coa A-52.

Unha proposta, por outra banda, que se propón ao medio/longo prazo, xa que logo a execución do proxecto non será inmediata senón que se vai adiar no tempo. Mentres, o problema da seguridade viaria no treito en cuestión continúa ser un problema hoxe en día, con accidentes que se producen a diario deixando centos de feridos cando non mortos, como ten acontecido no pasado.

**E, nese senso, cómpre sinalar que o levantamento da peaxe da AP-9 entre Vigo e O Porriño axudaría no inmediato a repartir os tráficos coa A-55 e polo tanto a gañar en seguridade. Así o demandan usuarios e transportistas como solución temporal mentres no se constrúa a nova variante.**

**A liberalización deste tramo de autoestrada non só é posible senón que tamén sería unha medida de éxito, tal e como amosa o recente exemplo de Alacante onde, tras unha proba piloto, o ministro de Transportes e Mobilidade Sostible vén de anunciar o seu levantamento definitivo. Unha medida que supón un agravio comparativo coa nosa cidade que, diante do mesmo problema, recibiu un NON rotundo por parte de Óscar Puente.**

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

#### **ACORDOS:**

**1º.- Demandar do Goberno de España a transferencia a Galicia da titularidade da AP-9 nos termos previstos na proposición de Lei Orgánica aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia e a iniciar, con carácter inmediato, negociacións coa concesionaria da autoestrada AP-9 a fin de, a maior brevidade, liberar de peaxe o tramo Vigo-Porriño, para abordar de xeito urxente a seguridade da A-55, por ser a solución máis rápida, inmediata e economicamente máis viable ao problema da sinistralidade nesta vía.**

**2º.- Demandar do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que, con carácter urxente, propoña novas alternativas ao trazado proposto da Autovía das Rias Baixas pola grave afección que provoca no territorio afectado, nomeadamente a parroquia viguesa de Bembrive, a efectos de buscar unha solución definitiva e a longo prazo.**

**3º.- Esixir do Goberno de España a inmediata apertura dun período de interlocución, institucional e técnica con todos os concellos afectados para definir a actuación de modo que sexa respectuosa co territorio, socialmente viable e supoña unha infraestrutura axeitada e segura para a mobilidade da zona**

Vigo, 18 de febreiro de 2025

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke extending to the right.

José Miguel Martín Peña

